

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de novembro de 2019, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica o 15 de novembro de 2019 de valoración do sobre B "*proposición avaliada mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliada mediante fórmula*" do licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Bolsa de horas adicionais	Incremento do prazo de garantía
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	76.472 euros	35 horas	2 anos

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Á vista do anterior e tendo en conta o previsto na cláusula 16.3 do PCAP "*As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula*" a Mesa acorda outorgar a máxima puntuación segundo o apartado 7B do citado Anexo I do PCAP:

	Licitador	Redución do prezo	Bolsa de horas adicionais	Incremento do prazo de garantía	Total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	30 puntos	14 puntos	6 puntos	50 puntos



A puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	50 puntos	50 puntos	100 puntos

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L. con CIF B-36.499.960, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

